

# PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN.
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.
  - 2.1. Procedemento para a identificación e valoración das necesidades educativas.
  - 2.2. Procedemento para solicitar a intervención do departamento de orientación para levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica.
  - 2.3. Procedemento para solicitar recursos extraordinarios ou unha modalidade de escolarización distinta da ordinaria.
3. DETERMINACIÓN DE OBXECTIVOS.
  - 3.1. Obxectivo xeral.
  - 3.2. Obxectivos específicos.
4. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
  - 4.1. Medidas ordinarias.
  - 4.2. Medidas extraordinarias.
  - 4.3. Outras actuacións.
5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.
  - 5.1. Criterios xerais para organizar a atención á diversidade.
  - 5.2. Criterios específicos e procedementos para a aplicación de medidas de atención á diversidade.
    - 5.2.1. Medidas ordinarias.
    - 5.2.2. Medidas extraordinarias.
    - 5.2.3. Outras actuacións.
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.
9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.
10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

## 1. XUSTIFICACIÓN.

Tal e como se recolle no preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, coa ampliación da idade de escolarización obrigatoria e o acceso á educación de novos grupos estudiantís, as condicións en que os centros levan a cabo a súa tarefa fixéronse máis complexas. Resulta, pois, necesario atender á diversidade do alumnado e contribuír de maneira equitativa aos novos retos e ás dificultades que esa diversidade xera. Trátase, en última instancia, de que todos os centros, asuman o seu compromiso social coa educación e realicen unha escolarización sen exclusións, aínda que sen perder a súa singularidade.

A esixencia de proporcionar unha educación de calidade a todo o alumnado, tendo ao mesmo tempo en conta a diversidade dos seus intereses, características e situacións persoais, obriga a recoñecer unha capacidade de decisión que afecta tanto á organización como ao modo de funcionamento.

A atención á diversidade establécese como principio fundamental que debe rexer todo o ensino básico, co obxectivo de lle proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades, co obxectivo de conseguir o éxito escolar de todos os estudantes.

A adecuada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo se garante o desenvolvemento de todos, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca todas as etapas educativas e todos os alumnos.

Por outra banda, no decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recóllese que, entre os principios que inspiran o sistema educativo, destacan a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a non discriminación; a concepción da educación ao longo de toda a vida; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado; a orientación educativa e profesional do estudiantado; o esforzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade, e a autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares. Mediante eses principios trátase de conseguir o éxito escolar de todo o alumnado.

Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

En consecuencia, ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado, polo que deberemos ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos, no marco dos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade, aparece recollido neste decreto como o documento destinado á articulación en cada centro docente da atención á diversidade.

O departamento de orientación será o responsable de elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos, equipos de ciclo e equipos docentes, a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladará ao equipo directivo. Este será o responsable do seu desenvolvemento, seguimento e avaliación.

Ao comezo de cada curso escolar, o departamentos de orientación elaborará a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade. O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á programación xeral anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

## 2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.

### 2.1. Procedemento para a identificación e valoración das necesidades educativas.

Con carácter xeral, nas avaliacións iniciais e trimestrais que se levarán a cabo durante cada curso escolar, detectaranse as necesidades educativas do noso alumnado e proporanse medidas de intervención.

No caso de que se sospeite, en calquera momento do proceso educativo, que un alumno ou alumna posúe necesidades educativas que requiran a aplicación de medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, porase en coñecemento do titor/a para que solicite a intervención do departamento de orientación nos termos establecidos no apartado 2.2.

A continuación, detállanse algunhas actuacións específicas do departamento de orientación para contribuír á detección de necesidades educativas:

**2.1.1.** Proporcionar asesoramento e recursos ao profesorado para levar a cabo as avaliacións iniciais dos diferentes grupo-clase.

**2.1.2.** Alumnado de 1º ESO procedente do centro adscrito: antes de finalizar cada curso escolar, a xefa do departamento de orientación reunírase coa xefa do departamento de orientación do centro adscrito co fin de recabar información relevante sobre o alumnado que se incorporará a 1º ESO no curso seguinte.

Unha vez comezado o curso, levaranse a cabo as seguintes actuacións, por parte da xefatura do departamento de orientación:

- Revisión do expediente académico.
- Análise dos informes achegados polo departamento de orientación.
- Solicitude de información pertinente a outras institucións ou instancias (Cruz Vermella, Servizos Sociais do Concello, Servizo de Menores, Saúde Mental) cando interveñen con alumnado que se atopa nunha situación social e/ou persoal desfavorable ou de risco.
- Realización da avaliación psicopedagóxica preceptiva, en caso de aplicar algunha medida extraordinaria que o requira.

**2.1.3.** Alumnado procedente doutros centros: as mesmas actuacións que no punto anterior, excepto a reunión co departamento de orientación.

**2.1.4.** Alumnado estranxeiro que se incorpora tardiamente ao sistema educativo: no plan de acollida para alumnado procedente do estranxeiro, recóllese o procedemento específico para detectar as necesidades educativas deste alumnado.

**2.2.** Procedemento para solicitar a intervención do departamento de orientación.

1) O profesorado titor ou calquera profesor/a que lle imparta docencia a un alumno/a comunicará á xefatura do departamento de orientación a necesidade de intervención de dito departamento, cubrindo o informe no que se especifica, entroutras cousas, o motivo da demanda, as medidas adoptadas ata o momento, o nivel de competencia curricular e a intervención concreta que se solicita do departamento de orientación. Cando sexa a familia do alumno/a quen solicite a intervención concertará unha entrevista coa xefatura do departamento de orientación.

2) No caso de que se estime oportuno realizar unha avaliación psicopedagóxica, a xefatura do departamento de orientación levará a cabo os seguintes pasos:

- a. Reunión co titor/a do alumno/a e co profesor/a que fai a demanda de intervención, se é o caso.
- b. Entrevista coa familia.
- c. Avaliación individual do alumno/a (consulta do seu expediente académico, observación directa na aula e noutros espazos, análise dos traballos escolares, aplicación de probas psicopedagóxicas...).

Neste proceso de avaliación colaborarán o titor/a, o profesorado que imparte docencia ao alumno/a e o profesorado de pedagogía terapéutica e/ou de audición e linguaxe.

No caso de que a persoa orientadora o considere oportuno, poderá solicitar o asesoramento do equipo de orientación específico.

- d. Segunda reunión co titor/a-profesorado, na que se lle comunicarán as conclusións da avaliación psicopedagóxica e proporanse medidas de actuación.
- e. Reunión coas especialistas de pedagogía terapéutica/audición e linguaxe, no caso de que sexa necesaria a súa intervención, co fin de informarlle sobre as conclusións da avaliación psicopedagóxica e establecer o horario de atención directa ao alumnado.
- f. Segunda entrevista coa familia para comunicarlle as conclusións da avaliación psicopedagóxica e as medidas propostas.
- g. Elaboración do informe psicopedagóxico, se é o caso.
- h. Seguimento das medidas propostas.

### 2.3. Procedemento para solicitar recursos extraordinarios ou unha modalidade de escolarización distinta da ordinaria

No caso de que se consideren necesarios recursos extraordinarios de atención educativa ou ben unha modalidade de escolarización distinta da ordinaria, para alumnado con necesidade específica de apoio educativo, será necesario realizar un ditame de escolarización nas seguintes situacións:

- a) Alumnado de nova incorporación ao sistema educativo.
- b) Alumnado que comeza un novo tipo de ensinanzas.
- c) Alumnado para quen se propón un cambio na súa modalidade de escolarización.
- d) Outras situacións de carácter excepcional que a Administración Educativa considere.

O ditame de escolarización consiste nun informe persoal dunha alumna ou dun alumno elaborado polos servizos de orientación, no cal se recollerán, cando menos:

- a) As conclusións da avaliación psicopedagóxica.
- b) As orientacións sobre a proposta curricular adecuada e, de ser o caso, sobre os recursos persoais e materiais necesarios.
- c) A proposta de escolarización.
- d) A opinión das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado respecto desa proposta.

A elaboración do ditame de escolarización corresponderá á xefatura do departamento de orientación do centro en que está escolarizada a alumna ou o alumno ou para o cal solicita a súa escolarización por primeira vez, quen poderá contar, de ser o caso, coa colaboración do equipo de orientación específico correspondente.

No caso de cambio de centro escolar, pero dentro do mesmo tipo de ensinanzas, revisarase o último ditame de escolarización e non será necesario elaborar un novo ditame agás que haxa circunstancias que así o requiran ou que o dito traslado supoña, tamén, un cambio na modalidade de escolarización. A revisión e, de ser o caso, elaboración dun novo ditame correspóndelle á xefatura do departamento de orientación do centro que recibe a solicitude de escolarización, que requirirá ao centro de procedencia, a través das respectivas direccións, a información escrita que corresponda.

Cando sexa necesario modificar a modalidade de escolarización dun alumno ou dunha alumna ou cando circunstancias especiais así o aconsellen, ademais do ditame de escolarización que elabore a xefatura do departamento de orientación do centro correspondente, a Xefatura Territorial de Educación poderá requirir ao equipo de

orientación específico a elaboración dun ditame complementario ao emitido pola xefatura do departamento de orientación do centro educativo.

### 3. DETERMINACIÓN DE OBXECTIVOS

#### 3.1. Obxectivo xeral:

Articular as medidas educativas para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.

#### 3.2. Obxectivos específicos:

- Diseñar e por en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e alumno.
- Diseñar, planificar e desenvolver medidas de tipo organizativo e curricular que permitan responder ás características e necesidades do alumnado.
- Determinar e organizar os recursos persoais e materiais cos que conta o centro para dar resposta ás necesidades educativas do noso alumnado.
- Garantir unha rápida e eficaz adaptación do alumnado procedente do estranxeiro.
- Compensar os posibles desfases curriculares do alumnado estranxeiro e do que se atopa nunha situación de desvantaxe social e cultural.
- Adaptar o currículo ao nivel e características do alumnado con altas capacidades.
- Mellorar os niveis de integración do alumnado con alteracións do comportamento.
- Asegurar o acceso ao currículo para o alumnado con necesidades educativas especiais e con dificultades específicas de aprendizaxe, de acordo cos principios de normalización e inclusión.
- Regular os cauces de colaboración entre o centro educativo e institucións e organismos externos co fin de optimizar a resposta á diversidade do alumnado



— Promover a implicación das familias no proceso educativo.

#### 4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No marco do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Atendendo aos principios de normalización e inclusión, priorizaranse as medidas ordinarias e, só cando estas resulten insuficientes, recurrirase a medidas extraordinarias.

##### 4.1. Medidas ordinarias.

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

O Decreto 229/2011, no seu artigo 8, recolle as seguintes medidas ordinarias de atención á diversidade:

- ✓ Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- ✓ Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- ✓ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- ✓ Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- ✓ Aulas de atención educativa e convivencia e medidas destinadas a mellorar a convivencia (Aulas de convivencia inclusiva).
- ✓ Desdobramentos de grupos.
- ✓ Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- ✓ Programas de enriquecemento curricular.
- ✓ Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- ✓ Programas de recuperación.
- ✓ Programas específicos personalizados.
- ✓ Programas de habilidades sociais.

A continuación, descríbense estas medidas e outras non recollidas no mencionado Decreto pero contempladas noutros documentos legais, dos que se deixa constancia no marco legal da seguinte táboa:

MEDIDAS ORDINARIAS	CARACTERÍSTICAS	MARCO LEGAL
<p><b>Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado</b></p>	<p>As normas de organización e funcionamento, recollerán a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.</p> <p>Adaptaranse o currículo e as medidas de atención á diversidade ás características do noso alumnado e á súa realidade educativa, coa finalidade de atender a todo o alumnado.</p> <p>Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promoverase o traballo en equipo.</p> <p>Organizaranse os grupos e as materias de maneira flexible de xeito que permitan o mellor aproveitamento dos recursos de que</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</li> <li>• Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos centros públicos integrados.</li> <li>• Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantane regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.</li> </ul>

	<p>dispoñemos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</li> <li>• Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.</li> </ul>
<p><b>Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado</b></p>	<p>O profesorado programará a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas dos equipos docentes e departamentos ao que pertenza.</p> <p>No caso de que algún profesor ou profesora decida incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta, esta variación, e a xustificación correspondente, incluírase na programación deste, sempre que así o acorde ou, en último caso, a Comisión de Coordinación Pedagóxica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos centros públicos integrados.</li> <li>• Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</li> </ul>
<p><b>Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos,</b></p>	<p>Na educación primaria, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de</li> </ul>

<p><b>titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión</b></p>	<p>promovendo o <b>traballo colaborativo</b> e en equipo.</p> <p>A metodoloxía didáctica na ESO será activa e participativa, favorecendo o traballo individual, o cooperativo e a titoría entre iguais, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.</p> <p>Deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.</p> <p>A biblioteca escolar ten como obxectivos ser un centro de recursos e oportunidades para a lectura, a aprendizaxe e a información; un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, a adquisición de competencias claves, as metodoloxías activas e o traballo colaborativo, e ademais que estimule os intercambios culturais no centro docente.</p>	<p>Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>• Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul>
<p><b>Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.</b></p>	<p>En cada momento o profesorado, tendo en conta as características e dificultades do alumnado, e para a consecución de determinados obxectivos, pode variar a temporalización na realización das actividades, modificando e flexibilizando estas para que sexan variadas, motivadoras e con diverso nivel de dificultade.</p> <p>Do mesmo xeito sería conveniente ter en conta a modificación dos tempos na avaliación nos casos e contextos que así o requiran.</p> <p>Co mesmo motivo, deberíanse modificar as formas de valorar os progresos e a aprendizaxe do alumnado, sobre todo cando</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.</li> </ul>

	<p>se presentan dificultades e atrancos.</p> <p>Tamén deben seleccionarse técnicas e instrumentos de avaliación variados que permitan diferentes soportes adaptados para cada caso e dependendo do contexto de aprendizaxe.</p>	
<p><b>Aula de convivencia inclusiva</b></p>	<p>Aulas creadas con vocación de substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.</p> <p>A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (artigo 19.3).</li> <li>◆ Decreto 8/2015, de 8 de enero, por el que se desarrolla la Ley 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa en materia de convivencia escolar (artigo 25).</li> </ul>
<p><b>Desdobramentos de grupos</b></p>	<p>É unha medida ordinaria que incide na organización do centro, distribuíndo ao alumnado dunha clase en dous grupos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantane regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.</li> <li>◆ Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (artigo 8.f).</li> </ul>

<p><b>Reforzo educativo</b></p>	<p>Medida que afecta aos elementos non prescriptivos do currículo, é decir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos do alumnado e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.</p> <p>Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.</p> <p>O reforzo educativo nas áreas instrumentais, Lingua Castelá e Galega e Matemáticas, será prioritario.</p>	<p>◆ Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.</p>
<p><b>Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria</b></p>	<p>O profesorado que non teña o seu horario lectivo completo reforzará ao alumnado que o necesite para unha mellor atención á diversidade.</p> <p>Na distribución do horario dispoñible despois de ser contabilizadas as horas das actividades docentes da especialidade e materias afíns que, se é o caso, lle correspondan, será prioritaria a dedicación ao reforzo do alumnado que o necesite.</p>	<p>◆ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,</p>
<p><b>Programas de enriquecemento curricular</b></p>	<p>Son programas para alumnado de altas capacidades nos que ten unha oportunidade de ir máis alá, de afondar nos contidos e interconectar coñecementos.</p> <p>Baséanse no principio de que o alumnado é o principal axente no proceso de ensino-aprendizaxe: guiado polo docente constrúe o seu propio coñecemento, indagando, investigando, atopando respostas por si mesmo e formulando novas preguntas.</p>	<p>◆ Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.</p> <p>◆ Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais, asociadas a condicións persoais de</p>

		sobredotación intelectual.
<b>Programas de habilidades sociais</b>	<p>- Programa para impartir na hora de titoría dos catro cursos da ESO. Este programa ten como finalidade dotar a todo o alumnado de estratexias para comunicarse e afrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social. Incluirá tamén actividades de autoconhecimento e autoestima.</p> <p>- Programa dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas.</p> <p>- Programa para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.</p>	<p>◆ Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.</p> <p>◆ Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.</p>
<b>Exención de cursar a materia de segunda lingua estranxeira</b>	<p>O alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Etranxeira. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada.</p> <p>Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.</p> <p>A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida.</p>	<p>◆ Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.</p>

4.2. **Medidas extraordinarias.**

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

A continuación, detállanse as medidas extraordinarias que se veñen desenvolvendo no noso centro, dependendo algunhas delas dos recursos persoais dispoñibles:

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	CARACTERÍSTICAS	MARCO LEGAL
<p><b>Adaptacións curriculares (ACS)</b></p>	<p>As adaptacións curriculares significativas son modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículum, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por una determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.</li> <li>◆ Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais, asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.</li> </ul>
<p><b>Agrupamentos flexibles</b></p>	<p>Consiste en facer desdobramentos transitorios en determinadas áreas e constituír grupos co alumnado que presenta dificultades</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da</li> </ul>



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

	<p>xeneralizadas de aprendizaxe.</p>	<p>Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia</p> <p>◆ Circular nº 9/1999, do 1 de setembro, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria.</p>
<p><b>Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe</b></p>	<p>As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica e/ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte, en colaboración co titor/a do grupo ao que pertence o alumno/a.</p> <p>Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.</p> <p>A coordinación desas actuacións, xunto coas do resto do profesorado, corresponde á xefatura de estudos do centro.</p>	<p>◆ Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.</p> <p>◆ Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.</p>
<p><b>Flexibilización da duración do período de escolarización</b></p>	<p>A escolarización en educación infantil, primaria e secundaria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducir respecto do establecido con carácter xeral, en función das necesidades específicas de apoio educativo asociadas a:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Necesidades educativas especiais</li> </ul>	<p>◆ Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas asociadas a condicións</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Altas capacidades intelectuais</li> <li>• Integración tardía ao sistema educativo</li> </ul>	<p>persoais de sobredotación intelectual.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.</li> <li>◆ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade.</li> </ul>
<p><b>Programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento (PMAR)</b></p>	<p>Teñen por finalidade facilitar que o alumnado, que presente dificultades relevantes de aprendizaxe, mediante unha metodoloxía específica, unha organización de contidos e materias diferente a establecida con carácter xeral, alcancen as competencias do 1º ciclo da ESO, poidan cursar 4º pola vía ordinaria e obteñan o Título de graduado en educación secundaria obrigatoria.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>◆ Resolucións anuais da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa polas que se ditan instrucións para a implantación do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.</li> </ul>
<p><b>Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo</b></p>	<p><b>ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA</b></p> <p>Ten por finalidade, a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial e que, por prescripción facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades</li> </ul>

	<p><b>ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA</b></p> <p>Medida destinada a alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Longa hospitalización: máis de trinta días.</li> <li>✓ Media hospitalización: entre quince e trinta días.</li> <li>✓ Curta hospitalización: menos de quince días.</li> <li>✓ Atención médica no hospital de día.</li> </ul> <p>O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.</p>	<p>educativas especiais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Publicación da Xunta de Galicia: A atención educativa hospitalaria e domiciliaria en Galicia. Orientación e respostas educativas. 2009</li> <li>• Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade.</li> <li>• Protocolo de atención educativa domiciliaria, publicado pola Consellería de Educación.</li> </ul>
--	---	---

#### 4.3. Outras actuacións

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, recolle unha serie de actuacións para asegurar a permanencia do alumnado no sistema educativo durante, cando menos, as etapas obrigatorias.

DESTINATARIOS	ACTUACIÓNS
<p><b>Alumnado absentista</b></p>	<p>Enténdese por absentismo: a ausencia ao centro escolar e sen causa debidamente xustificada do alumnado en idade de escolarización obrigatoria. Esta ausencia ao centro suporá, cando menos, un dez por cento (10%) do horario lectivo mensual.</p> <p>Existirá unha coordinación e colaboración estreita entre o centro e os poderes públicos con competencias na prevención, detección e intervención ante as situacións de absentismo (Servizos Sociais dos Concellos e Servizo de Menores).</p> <p>O centro educativo aplicará o protocolo de absentismo publicado pola Consellería de Educación e levará a cabo, entre outras, as seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>✓ Control e rexistro das incidencias na asistencia do alumnado.</li> <li>✓ Información ás nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e intervención ante a detección de casos.</li> <li>✓ Se procede, traslado da información á Inspección Educativa por parte da dirección do centro.</li> </ul> <p>Cando un titor/a considere que unha familia presenta de forma reiterada xustificación de faltas de asistencia e dubide da súa fiabilidade solicitará a reunión cunha comisión creada para tal fin. Esta comisión está composta polo mediador do poboado xitano, a orientadora, o titor/a e a xefa de estudos correspondente. A comisión valorará se as xustificacións son aceptadas ou non.</p>
<p><b>Alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal</b></p>	<p>A escolarización do alumnado menor de idade a quen, por decisión xudicial, se lle impoñan medidas que afectan a súa escolarización realizarase de acordo co establecido no artigo 7 da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.</p> <p>En todo caso, respectarase o dereito á educación do alumnado en idade de escolarización obrigatoria.</p>

<p><b>Alumnado sometido a medidas de protección e tutela</b></p>	<p>Será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar e adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo.</p> <p>A Consellería de Educación garantiralle ao alumnado asignado a familias acolledoras unha praza escolar no centro educativo en que se escolarice outro alumnado dependente desas mesmas familias, ou outro alumnado acollido, sempre que no centro se impartan as ensinanzas que lle corresponde cursar.</p>
<p><b>Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar</b></p>	<p>A Consellería de Educación asegurará, dentro do seu ámbito competencial e de acordo co establecido no artigo 17 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a escolarización inmediata do alumnado que se vexa afectado por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero.</p> <p>Prestarase atención especial á inclusión e normalización do dito alumnado.</p> <p>Nos casos en que sexa necesario un cambio de centro por motivos de violencia ou acoso escolar, garantirase a escolarización inmediata do alumnado afectado.</p>
<p><b>Alumnado pertencente a familias itinerantes</b></p>	<p>Alumnado que, por razóns de itinerancia da súa familia, non poida asistir ao mesmo centro educativo de xeito continuado.</p> <p>A Consellería de Educación facilitará a escolarización deste alumnado nos centros do contorno onde itinere a súa familia ou representantes legais, nas condicións establecidas con carácter xeral para todo o alumnado e coas medidas de atención á diversidade que procedan, co fin de garantir a continuidade do seu proceso de aprendizaxe.</p>
<p><b>Alumnado procedente do estranxeiro</b></p>	<p>Será destinatario desta atención aquel alumnado que, procedendo do estranxeiro, conte cunha idade comprendida dentro do límite da escolarización obrigatoria e presente algunha das seguintes circunstancias:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.</li> <li>b) Desfase curricular significativo (máis de dous cursos).</li> <li>c) Graves dificultades de adaptación.</li> </ul>

<p><b>Atención educativa a mozas embarazadas</b></p>	<p>A Consellería de Educación, en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, arbitrará as actuacións ou medidas de apoio necesarias para facer posible a continuación dos estudos por parte da menor embarazada e, se é o caso, do futuro pai en idade de escolarización obrigatoria, de forma compatible coas esixencias derivadas do embarazo e coas obrigas da maternidade e da paternidade.</p> <p>O centro deberá proporcionar ás menores embarazadas que cursen estudos de ensino obrigatorio e postobrigatorio a adecuación dos procesos de ensino e aprendizaxe ás súas necesidades durante o seu embarazo e nos dous anos seguintes ao parto, nos termos que estableza a Consellería.</p> <p>A menor de idade durante o proceso de xestación e, posteriormente, no caso de que se faga cargo da atención da súa filla ou fillo, terá dereito a ser autorizada, pola Administración Educativa, para asistir intermitentemente ao centro, de acordo coas súas necesidades. Este dereito esténdese ao pai menor de idade que xustifique un comportamento de paternidade responsable.</p>
--	---

**5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS**

Será tarefa prioritaria de todo o profesorado a detección temperá das dificultades. En canto se detecten, deberanse por en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes segundo as características do alumnado.

**5.1. Criterios xerais para organizar a atención á diversidade.**

1. A atención á diversidade rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

2. A aplicación das medidas de atención á diversidade terá como finalidade responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e a consecución das competencias básicas e os obxectivos da etapa.

3. Deben aplicarse en forma de cascada, das máis ordinarias ás máis extraordinarias. Estas últimas solo se levarán a cabo unha vez esgotadas as primeiras.

4. As medidas aplicadas non teñen por que ser excluíntes poden ser complementarias.

5. Débese asegurar o maior grao posible de autonomía do alumnado e a xeneralización das aprendizaxes.

6. Teranse en conta as dificultades específicas das rapazas que por razón de xénero e pertenza a determinados colectivos teñan dificultades especiais para rematar a etapa.

5.2. **Criterios específicos e procedementos para a aplicación de medidas de atención á diversidade.**

**5.2.1. Medidas ordinarias**

**5.2.1.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.**

<p><b>CRITERIOS A TER EN CONTA NA FORMACIÓN DE GRUPOS</b></p>	<p><b>CRITERIOS XERAIS:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- As recomendacións feitas polos equipos docentes e o departamento de orientación, ao finalizar o curso anterior, serán tidos en conta para a formación dos grupos no curso seguinte.</li> <li>- Os grupos serán heteroxéneos en canto a rendemento, sexo, nacionalidade, raza ou relixión.</li> <li>- Repartirase equitativamente o alumnado repetidor e o que teña promoción obrigada.</li> <li>- O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo será distribuído equitativamente e procurando a optimización dos recursos persoais de apoio educativo.</li> <li>- O alumnado que cause problemas de convivencia pola interacción dentro do grupo ubicarase en grupos diferentes.</li> <li>- Salvo que a familia se opoña, e sempre que sexa posible, os xemelgos, ou irmáns que coincidan no mesmo nivel educativo, escolarizaranse en distintos grupos.</li> <li>- O alumnado que se incorpore ao centro unha vez iniciado o curso asignarase, se as circunstancias o permiten, ao grupo que teña menor número de alumnado.</li> <li>- De considerar que estes criterios non son adecuados para dar resposta nalgún caso, as decisións adoptaranse contando coa decisión maioritaria do equipo docente.</li> </ul>
<p><b>CRITERIOS A TER EN CONTA NA DISTRIBUCIÓN DOS ESPAZOS FÍSICOS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Asignarase a cada grupo un aula de referencia considerando o número de alumnado por aula.</li> <li>- As aulas específicas serán utilizadas para as materias e profesorado asignado. Se é precisa a súa utilización para outro fin o profesorado que a ocupe responsabilizarase do seu coidado.</li> </ul>

- Para as aulas de uso común elaborárase un cadro horario para reservar o seu uso no horario en que estean dispoñibles.

### 5.2.1.2 Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado

#### PROCEDEMENTO

- O profesorado adaptará cada curso as programacións da súa materia ás características do alumnado, contando coa colaboración do departamento de orientación, en caso necesario.

- Dentro do apartado das programacións referido a atención á diversidade poderá deixarse constancia dos seguintes aspectos tendo en conta ao ACNEAE:

- Características do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Medidas ordinarias e extraordinarias que se van aplicar.
- Organización e disposición.
- Metodoloxía.
- Materiais didácticos.
- Coordinación co profesorado de apoio e outros profesionais implicados.
- Coordinación coas familias.
- Procedemento de avaliación.

### 5.2.1.3 Aula de convivencia inclusiva

*Ver Plan de Convivencia do centro.*

### 5.2.1.4. Desdobramentos de grupos

#### PROCEDEMENTO

Sempre que haxa dispoñibilidade horaria do profesorado desdobraranse os grupos máis numerosos e que presenten máis dificultades para seguir o proceso de ensino-aprendizaxe.

No caso de que haxa máis de 25 alumnos/as nun grupo, o alumnado dunha clase poderá dividirse en dous grupos, sempre que o profesorado implicado teña dispoñibilidade horaria, nas materias de:

- Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía, unha hora á semana para a realización de prácticas.

### 5.2.1.5. Reforzo educativo



<b>DESTINATARIOS</b>	O alumnado que con estas modificacións, dos elementos non prescritivos do curriculum, poida seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.
<b>DESENVOLVEMENTO</b>	Levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor/a do alumno/a que imparte a materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor/a.
<b>RESPONSABLES</b>	Será elaborado polo profesorado que imparte a materia na que o alumno/a necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor/a. Este comunicarllo ao equipo directivo e a familia do alumno/a.
<b>REXISTRO</b>	Reflectirase no expediente académico do alumnado como reforzo educativo (RE). Farase constar no informe de avaliación para as familias.

#### 5.2.1.6. Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

<b>PROCEDEMENTO</b>	Para o profesorado que non teña o seu horario lectivo completo, despois de ser contabilizadas as horas das actividades docentes da súa especialidade e materias afíns que, se é o caso, lle correspondan, será prioritaria a dedicación ao reforzo do alumnado que o necesite para unha mellor atención á diversidade.
---------------------	--

#### 5.2.1.7. Programas de enriquecemento curricular

<b>DESTINATARIOS</b>	Alumnado diagnosticado de altas capacidades.
<b>ESTRATEGIAS DE ENRIQUECEMENTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Reelaborar unidades didácticas: substituír contidos que o alumnado xa domina por outros de ampliación e profundización.</li> <li>▪ Ampliar o curriculum por materias: preparar bloques de materiais por materias que lle permitan profundizar nos seus contidos.</li> <li>▪ Diseñar recunchos e obradoiros: poñer a disposición do alumnado materiais e recursos para traballar o curriculum de maneira independente e motivadora.</li> <li>▪ Facer proxectos baseados nos intereses do alumnado e nos contidos curriculares: aprende autodirixíndose e tamén aprende as técnicas de búsqueda e de tratamento da información que precisa.</li> <li>▪ Desenvolver contidos extracurriculares baseados nos intereses do alumnado: as actividades fanse de maneira paralela ás clases diarias. Poden requirer unha organización flexible dos grupos, dos espazos e dos recursos persoais do centro.</li> <li>▪ Pór en marcha programas de desenvolvemento cognitivo: potencian as habilidades cognitivas, metacognitivas e o pensamento diverxente a través</li> </ul>

	<p>de programas específicos. Requiren reservar un tempo no horario para desenvolvesos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Pór en marcha programas de desenvolvemento psicosocial: como prevención. Buscan a mellora da competencia social e da intelixencia emocional.</li> </ul>
<b>RESPONSABLES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Profesorado titor.</li> <li>- Profesorado.</li> <li>- Departamento de orientación.</li> </ul>
<b>REXISTRO</b>	Expediente académico.

#### 5.2.1.8. Programas de habilidades sociais

**Programa para impartir na hora de tutoría da ESO:** *ver Plan de Acción Titorial.*

**Programa dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas:** *ver Plan de Convivencia.*

**Programa para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro:** *ver Plan de Convivencia.*

#### 5.2.1.9. Exención de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira

<b>DESTINATARIOS</b>	O alumnado dos cursos primeiro e segundo da ESO que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas.
<b>PROCEDEMENTO</b>	<p>Para o alumnado de 1º da ESO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• No caso do alumnado de 6º de educación primaria, ao remate do curso, realizarase unha proposta de alumnado exento de cursar a 2ª Lingua Estranxeira en 1º e 2º da ESO. O profesorado titor, coa colaboración do departamento de orientación, elaborará un informe e recollerá a opinión da familia do alumnado proposto.</li> <li>• No caso do alumnado que vaia repetir 1º da ESO e cursara a 2ª Lingua Estranxeira, a proposta da exención realizarase na sesión de avaliación extraordinaria de setembro. O profesorado titor, coa colaboración do departamento de orientación, elaborará un informe e recollerá a opinión da familia do alumnado proposto para quedar exento de cursar a 2ª Lingua Estranxeira.</li> </ul> <p>Para o alumnado de 2º da ESO:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Para o alumnado que promocióne a 2º de ESO ou repita 2º ESO e cursara a 2ª Lingua Estranxeira, a proposta da exención realizarase na sesión de avaliación extraordinaria. O profesorado titor, coa colaboración do departamento de orientación, elaborará un informe e recollerá a opinión da familia do alumnado proposto para quedar</li> </ul>

	<p>exento de cursar a 2ª Lingua Estranxeira.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- De xeito excepcional, na sesión de avaliación inicial do 1º e 2º curso, poderá proporse algún alumno ou alumna non proposto inicialmente.</li> <li>- A competencia da decisión recaerá na dirección do centro, oídas as nais, os pais ou os titores/as legais do alumnado afectado pola medida.</li> </ul>
<b>RESPONSABLES DA IMPARTICIÓN DO REFORZO EDUCATIVO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nas dúas horas semanais da 2ª Lingua Estranxeira, o alumnado exento recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades.</li> <li>- Corresponderalle, preferentemente, ao profesorado dos departamentos de Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura.</li> </ul>
<b>REXISTRO</b>	Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.

### 5.2.2. Medidas extraordinarias:

#### 5.2.2.1. Adaptacións curriculares significativas

<b>CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Que o alumno/a, por diversas razón educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepcionais, non poda seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.</li> <li>◆ Que se esgotasen medidas ordinarias de intervención educativa.</li> <li>◆ Que o equipo docente e o departamento de orientación consideren que dita medida permitirá responder ás necesidades do alumno/a e lograr o máximo desenvolvemento das competencias básicas, de acordo coas súas posibilidades.</li> </ul>
<b>PROCEDEMENTO</b>	<p>Como norma xeral, a proposta de elaboración dunha adaptación curricular realizarase na sesión de avaliación final do curso anterior ou na avaliación inicial ou primeira sesión de avaliación do curso no que se levará a cabo.</p> <p>A continuación, detállase o procedemento que se debe seguir, de conformidade co disposto na Orde do 6 de outubro de 1995 <i>pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral</i>.</p> <p>1) Naqueles casos nos que o desfase curricular sexa</p>

significativo e se considere preciso modificar elementos prescritivos, solicítase a intervención do departamento de orientación e iníciase un proceso de avaliación diagnóstica, segundo o protocolo establecido no apartado 2.3.

2) Se os resultados da avaliación psicopedagóxica conclúen que non é suficiente coa revisión ou adopción de medidas de reforzo educativo, terá lugar unha reunión, coordinada pola xefatura de estudos, para a toma de decisión. A dita reunión asistirán o titor/a, os profesores/as que imparten as áreas que se consideran obxecto de adaptación curricular, a orientadora do centro e, se procede, especialista de pedagogía terapéutica/audición e linguaxe, co fin de decidir a pertinencia da ACS e os elementos que deberán ser modificados.

3) En función da toma de decisión iniciárase, se é o caso, o proceso de elaboración da adaptación curricular individualizada por parte do profesorado que imparte cada área ou materia coa colaboración do departamento correspondente/equipo docente e os/as especialistas en pedagogía terapéutica/audición e linguaxe e o asesoramento da xefa do departamento de orientación.

4) O titor/a deberá informar á familia do alumno/a da medida adoptada. No caso de desacordo poderán reclamar perante a dirección do centro e, de persistir na súa desconformidade, perante o servizo de inspección correspondente, que deberá resolver.

5) Unha vez elaborado o documento de adaptación curricular, a dirección do centro remíteo á Inspección Educativa para a súa aprobación.

6) As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso. As posibles modificacións só requirirán unha nova autorización no caso de que se produzan en referencia aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe do curso sobre o que se elaborara a adaptación.

**DOCUMENTO DE  
ADAPTACIÓN  
CURRICULAR**

O documento incluírá os seguintes apartados:

- 1) Datos persoais do alumno/a.
- 2) Datos físicos e de saúde.
- 3) Datos psicosociais máis relevantes.

	<ul style="list-style-type: none"> <li>4) Datos do contorno sociofamiliar.</li> <li>5) Datos do contorno escolar.</li> <li>6) Datos pedagóxicos.</li> <li>7) Profesionais participantes.</li> </ul>
<b>PROPOSTA CURRICULAR ADAPTADA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ O currículo de referencia do que partiremos será o do curso no que está escolarizado o alumno/a.</li> <li>◆ Os obxectivos poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados.</li> <li>◆ Os contidos poderán ser modificados, complementados e suprimidos.</li> <li>◆ Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe poderán ser adaptados, complementados, modificados e suprimidos.</li> </ul> <p>Segundo o disposto no artigo 6.4. da Orde do 28 de outubro de 1996, pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria do alumnado con necesidades educativas especiais, asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, "...a adaptación do currículo para alumnos e alumnas con sobredotación intelectual poderá considerar que se curse no nivel inmediatamente superior unha ou varias áreas ou materias, optativas ou non, cando se valore que o seu rendemento nelas é alto e continuado e que teñen adquiridos os obxectivos que para elas se establecen no nivel que lles corresponde cursar".</p>
<b>AVALIACIÓN/ PROMOCIÓN</b>	Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas adaptacións.
<b>TITULACIÓN</b>	A proposta de título axustarase ao establecido con carácter xeral para todo o alumnado. O referente serán as competencias básicas e os obxectivos da etapa.
<b>EXAMES DURANTE O CURSO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ O contido dos exames deberá corresponderse cos obxectivos fixados na ACS.</li> <li>◆ Nas materias nas que o alumnado reciba atención docente directa por parte do profesorado de pedagogía terapéutica deberán terse en conta as seguintes indicacións:</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Os exames serán elaborados polo profesorado de pedagogía terapéutica, coa colaboración do profesorado das materias correspondentes.</li> <li>▪ As cualificacións serán decididas polo profesorado de pedagogía terapéutica/audición e linguaxe e o da materia correspondente.</li> <li>▪ Na aula de apoio realizará periodicamente as probas de avaliación que se estimen oportunas. Cando se considere oportuno, poderá realizar o exame na aula ordinaria, ao mesmo tempo que o resto do alumnado do grupo de referencia.</li> </ul>
<b>EXAMES SETEMBRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Nas materias con ACS presentaranse aos exames de setembro no caso de que non aproben en xuño.</li> <li>◆ O contido dos exames de setembro tamén deberá corresponderse cos obxectivos fixados na ACS.</li> </ul>
<b>MATERIAS PENDENTES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Se tras os exames de setembro non superan a ACS, e promocionan, continuarán coa mesma adaptación curricular e incorporaranse, se é o caso, contidos adaptados do novo curso.</li> </ul>
<b>REXISTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ <u>Actas de avaliación</u>: consignarase como ACS xunto coa cualificación para cada materia.</li> <li>◆ <u>Expediente académico</u>: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ No apartado de “medidas de atención á diversidade” (figuran os cursos nos que tivo ACS).</li> <li>○ No apartado dos resultados das avaliacións, en “medidas de atención á diversidade”.</li> </ul> </li> <li>◆ <u>Historial académico</u>: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ No apartado dos resultados das avaliacións, en “medidas de atención á diversidade”.</li> </ul> </li> <li>◆ <u>Informe persoal por traslado</u>: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ No apartado dos resultados das avaliacións xunto á cualificación da materia correspondente.</li> </ul> </li> </ul>
<b>COORDINACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ O profesorado das materias nas que o alumnado recibe atención docente directa por parte do profesorado de pedagogía terapéutica deberá acordar coa el distintos aspectos da súa intervención: contidos, material que se vai empregar, exames e</li> </ul>

	<p>cualificacións...</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Na medida do posible, procurarase que aquelas actividades de carácter máis lúdico e motivador (traballos en grupo con prensa, preparación/celebración de actividades complementarias e extraescolares..) non coincida coas horas nas que o alumnado está na aula de apoio para que poidan participar co resto dos compañeiros/as.</li> </ul>
<b>INFORMACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Ao principio do curso o departamento de orientación informará ao profesorado do alumnado con ACS para que procedan á súa revisión. A proposta curricular adaptada estará arquivada no expediente académico.</li> <li>◆ Os titores/as e os xefes/as de departamento informarán, se é o caso, ao profesorado substituto.</li> </ul>

5.2.2.2. Agrupamentos flexibles:

<b>DESTINATARIOS:</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Se existe dipoñibilidade horaria, organizaranse nos grupos máis numerosos e con máis dificultades de aprendizaxe.</li> <li>• Organizaranse prioritariamente nas materias instrumentais.</li> </ul>
<b>PROCESO DE APROBACIÓN DO AGRUPAMENTO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Na reunión inicial do profesorado realizarase a proposta do alumnado así como a concreción das materias que cada un vai cursar no agrupamento. Nas sesións de avaliación valoraranse os cambios que se consideren necesarios.</li> <li>• A dirección do centro enviará a proposta de organización dos agrupamentos á Inspección Educativa, a quen lle corresponde a súa aprobación. Esta proposta incluirá:             <ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección do alumnado con indicación dos criterios aplicados.</li> <li>• Horario no que permanecerán no agrupamento</li> <li>• O profesorado que se vai encargar da docencia directa nos agrupamentos, indicando a situación laboral e distribución horaria semanal.</li> </ul> </li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As áreas curriculares que van constituír agrupamento, así como as correspondentes programacións didácticas adaptadas.</li> <li>• Ao remate do curso, a CCP realizará a valoración desta medida de atención a diversidade, á vista dos informes dos departamentos/profesorado implicados.</li> </ul>
<p><b>ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN HORARIA</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O alumnado poderá permanecer no agrupamento o 100% do horario semanal que lle corresponda a estas materias.</li> <li>• Tentarase que o número de alumnos do agrupamento sexa o máis reducido posible.</li> </ul>
<p><b>CURRÍCULO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Con carácter xeral, o alumnado que forme parte do agrupamento deberá ter o mesmos obxectivos que os do seu grupo de referencia, aínda que se poidan adaptar contidos do curso/etapa anterior cando se considere necesario.</li> <li>• As programacións adaptadas serán elaboradas polos correspondentes equipos docentes/departamentos didácticos a partir dos obxectivos e contidos básicos establecidos nas programacións,</li> <li>• O enfoque metodolóxico deberá ser en base a proxectos de traballo ou unidades didácticas nas que prime o carácter práctico e funcional dos contidos.</li> </ul>
<p><b>INCLUSIÓN DO ALUMNADO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O alumnado proposto para cursar algunhas áreas en agrupamentos deberán contar cun informe individualizado elaborado polo profesorado titor en colaboración co departamento de orientación, xustificando as razóns desta medida.</li> <li>• Comunicación as familias sobre a medida a adoptar a través do profesorado titor.</li> <li>• O equipo de profesorado e o departamento de orientación deberán realizar un seguimento individualizado de cada alumno/a co fin de que poidan integrarse a tempo completo</li> </ul>



	<p>no grupo de referencia. Esta decisión deberá tomarse na xunta de avaliación.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Na avaliación final ordinaria, valorarase a efectividade da medida, e proporase a continuidade ou non nela.</li> </ul>
<p><b>AVALIACIÓN</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A participación nos agrupamentos farase constar no expediente académico como reforzo educativo (RE).</li> </ul>

5.2.2.3. Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e audición e linguaxe:

<p><b>DESTINATARIOS</b></p>	<p>O profesorado de PT/AL prestará atención docente directa ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Necesidades educativas especiais: alumnado que require, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.</li> <li>• Dificultades específicas de aprendizaxe.</li> <li>• Trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).</li> <li>• Altas capacidades intelectuais.</li> <li>• Incorporación tardía ao sistema educativo.</li> <li>• Condicións persoais ou de historia escolar.</li> </ul> <p>O profesorado de <u>pedagogía terapéutica</u> apoiará prioritariamente a:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aqueles alumnos/as con medidas extraordinarias de atención á diversidade (ACS).</li> <li>• Aquel alumnado que presente necesidades específicas aínda que non requira modificación dos elementos básicos do currículo; sempre que estas necesidades non poidan ser resultas polo propio profesor/a.</li> </ul> <p><i>A atención ao segundo grupo de alumnos/as non debe supoñer reducir a atención que require o alumnado con</i></p>
-----------------------------	--

	<p><i>adaptación curricular, principal destinatario das actuacións do profesorado especialista de pedagogía terapéutica.</i></p> <p>O/A mestre/a especialista en <u>audición e linguaxe</u> apoiará prioritariamente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a dificultades de tipo comunicativo-lingüístico.</p>
<p><b>CRITERIOS ESPECÍFICOS PARA A APLICACIÓN DO APOIO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ Os criterios de normalización e inclusión deben presidir todas as decisións e deberán ser compatibles co de máxima eficacia, de xeito que a intervención deste profesorado especialista farase solo cando sexa a opción máis ventaxosa para o alumno/a.</li> <li>◆ As intervencións do/a especialista en audición e linguaxe, para traballar aspectos específicos da linguaxe oral, poderán realizarse logo da avaliación do/a mestra de audición e linguaxe, sen a avaliación psicopedagóxica da xefatura do departamento, sempre que esta así o estime.</li> <li>◆ Trátase dunha medida reversible e poderá ter un carácter temporal ou para todo o curso académico.</li> <li>◆ O apoio complementará pero nunca substituirá á acción educativa ordinaria.</li> <li>◆ Garantirase a coordinación de todos os profesionais implicados no proceso, así como a revisión periódica e sistemática das distintas actuacións.</li> <li>◆ O traballo debe centrarse nos elementos da adaptación que son máis difíciles de abordar polo profesorado ordinario, debido á especialización que requiren ou á especificidade das tarefas, recursos, materiais...</li> <li>◆ Realizarase prioritariamente nas materias instrumentais (Lingua Galega/Castelá e Matemáticas) e naqueles outros aspectos básicos para a adquisición de aprendizaxes (atención, memoria, razoamento...).</li> <li>◆ O horario de apoio coincidirá co horario do grupo de referencia nas materias a apoiar.</li> <li>◆ Evitaranse as saídas durante o horario semanal completo dunha mesma materia.</li> </ul>

<p><b>CRITERIOS PARA DECIDIR A MODALIDADE DE APOIO (dentro/fóra, individual/grupal)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A modalidade de apoio determinarase en cada caso en función de:             <ul style="list-style-type: none"> <li>— As necesidades detectadas.</li> <li>— As posibilidades humanas, materiais e organizativas do centro.</li> <li>— Dar prioridade ás respostas inclusivas.</li> </ul> </li> <li>• O apoio debe planificarse de forma individualizada e flexible (tanto no que se refire á modalidade como ás técnicas, actividades, número de sesións...).</li> </ul> <p>Sempre que sexa posible o apoio realizarse dentro da aula ordinaria.</p>
<p><b>PROCEDEMENTO PARA RECIBIR APOIO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Unha vez detectadas as necesidades e realizada a prescritiva avaliación psicopedagóxica, determinarase as horas e modalidade de apoio.</li> <li>• Despois da entrevista da persoa orientadora co titor/a e a familia, a/o especialista comezará a traballar co alumno/a. Nesta entrevista, a familia asinará un impreso no que se lle informa da medida adoptada e das materias nas que recibirá apoio.</li> <li>• A persoa orientadora reunirse co profesorado de PT/AL, co fin de informarlles sobre as conclusións da avaliación psicopedagóxica e establecerán o horario de atención ao alumnado.</li> </ul>
<p><b>AVALIACIÓN E REXISTRO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A avaliación do progreso deste alumnado realizarana conxuntamente o profesorado da materia e o profesorado de PT/AL; previamente a cada sesión de avaliación que se celebre ao longo do curso decidirán as cualificacións nas materias nas que reciben apoio.</li> <li>• No apartado de observacións do informe trimestral de información ás familias, o profesorado de apoio poderá incluír aqueles aspectos que considere relevante comunicar á familia.</li> <li>• A atención docente do profesorado de PT/AL, quedará rexistrada nos documentos correspondentes como RE (reforzado educativo), no caso de alumnado que non teña adaptación curricular significativa.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do curso cumprimentarase a ficha de seguimento de cada alumno/a según o modelo establecido.</li> </ul>
<b>COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>♦ É importante manter un contacto periódico coas familias para informalas sobre a intervención especializada que se está a realizar cos seus fillos/as.</li> </ul>
<b>COORDINACIÓN CO PROFESORADO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Para deseñar o plan de traballo destes especialistas e garantir, deste xeito, a conexión e continuidade do traballo realizado, é imprescindible a coordinación entre o profesorado de apoio e o profesorado que imparte as áreas na aula ordinaria. Con este obxecto realizarán as reunións periódicas necesarias para concretar os contidos que se van reforzar, avaliar a evolución dos alumnos/as e adoptar as decisións oportunas.</li> </ul>
<b>DOCUMENTACIÓN</b>	<p><b>Cadro organizativo:</b> unha vez elaborada a proposta de organización da atención ao alumnado con neae, será entregada na xefatura de estudos.</p> <p>A xefa do Departamento proporcionará os modelos seguintes para cubrir por cada especialista:</p> <p><b>Programación xeral:</b> Cada especialista elaborará a programación da súa aula seguindo o modelo establecido.</p> <p><b>Ficha de seguimento</b> de cada alumno/a no que se recollerán os resultados da avaliación inicial, os aspectos que se traballan ao longo do curso e a avaliación final.</p> <p><b>Memoria anual</b> que se adxuntará á memoria xeral do departamento.</p>

#### 5.2.2.4. Flexibilización da duración do período de escolarización:

### ALUMNADO QUE PRESENTA NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

<b>CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN</b>	A escolarización en educación infantil, primaria e secundaria poderá, excepcionalmente, aumentarse respecto do establecido con carácter xeral, en función, das necesidades educativas especiais do alumnado.
<b>CONDICIÓN DE ACCESO</b>	<p><b>EDUCACIÓN INFANTIL:</b> Poderase aumentar excepcionalmente nun ano respecto do disposto con carácter xeral. Non será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os 7 de idade.</p> <p><b>EDUCACIÓN PRIMARIA:</b> Poderase aumentar excepcionalmente nun ano respecto do disposto con carácter xeral. No caso de non ter permanecido un ano máis na educación infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso non se poderá permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os 15 anos.</p> <p><b>EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:</b> Poderase aumentar excepcionalmente nun ano respecto do disposto con carácter xeral. Non obstante, esta medida non será de aplicación nun curso no que xa se permanecese un ano máis. Non se poderá permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os 19 anos de idade.</p>
<b>PROCEDEMENTO</b>	<p>- A xestión da solicitude desta medida realizarase a través da aplicación <a href="http://edu.xunta.es/aneae">edu.xunta.es/aneae</a>.</p> <p>O <i>prazo</i> para presentar as solicitudes de flexibilización será o mes de abril.</p>
<b>REXISTRO</b>	Con carácter xeral, calquera medida de flexibilización consignarase en todos os documentos de avaliación do alumnado que en cada caso correspondan.
<b>RESPONSABLES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Dirección.</li> <li>○ Departamento de orientación</li> </ul>

#### ALUMNADO CON ALTAS CAPACIDADES

<b>CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN</b>	A escolarización en educación infantil, primaria e secundaria poderá, excepcionalmente, reducir respecto do establecido
-------------------------------------	---

	con carácter xeral, en función das altas capacidades do alumnado.
<b>CONDICIÓN DE ACCESO</b>	<p>EDUCACIÓN PRIMARIA: Poderase anticipar un ano a escolarización no 1º curso de educación primaria e/ou poderase reducir un ano a escolarización nesta etapa. Non se poderá comezar esta etapa antes do ano natural no que se cumpran os 5 anos.</p> <p>EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA: Poderase reducir un ano a escolarización nesta etapa. Non se poderá comezar a educación secundaria antes do ano natural no que se cumpran os 10 anos.</p>
<b>PROCEDEMENTO</b>	<p>Realizada a avaliación psicopedagóxica e coa conformidade dos pais ou tutores legais respecto ao adianto de curso, a dirección do centro elevará a <i>solicitud</i> á inspección educativa. A inspección educativa elaborará un informe sobre a idoneidade ou non da proposta de flexibilización, así como das medidas de adaptación curricular que a acompañan.</p> <p>O <i>prazo</i> para presentar as solicitudes de flexibilización será o mes de abril.</p>
<b>REXISTRO</b>	<p>A anticipación ou redución da escolarización consignarase no expediente académico do alumnado dentro do apartado Datos médicos e psicopedagóxicos relevantes, mediante a expresión Flexibilización do período obrigatorio de escolarización: anticipación ou redución.</p> <p>No expediente incluírase tamén o informe psicopedagóxico e a adaptación curricular realizada.</p>
<b>RESPONSABLES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ Dirección.</li> <li>○ Departamento de orientación</li> </ul>

#### 5.2.2.5. Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento

<b>FINALIDADE</b>	Facilitar que o alumnado mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente a establecida alcancen as competencias do primeiro ciclo da ESO e poidan cursar cuarto pola vía ordinaria e obteñan o título de
-------------------	---

	graduado en educación secundaria obrigatoria.												
<b>CONDICIÓN DE ACCESO</b>	<p>Ter dificultades relevantes de aprendizaxe, ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes, existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderá cursar 4º pola vía ordinaria e que se atope nalgunha das seguintes <b>situacións</b>:</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>CURSO</th> <th>DURACIÓN DO PROGRAMA</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Alumnado que teña cursado por <u>primeira vez</u> o <b>primeiro curso da ESO</b>, tendo repetido en Primaria e non está en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO.</td> <td>programa que se desenvolverá ao longo dos cursos <b>segundo e terceiro</b>.</td> </tr> <tr> <td>Alumando que cursou por <u>segunda vez</u> o <b>primeiro curso da ESO</b> e non está en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO.</td> <td>programa que se desenvolverá ao longo dos cursos <b>segundo e terceiro</b>.</td> </tr> <tr> <td>Alumnado que teña cursado por <u>primeira vez</u> o <b>segundo curso da ESO</b> e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en primeiro curso da ESO.</td> <td>programa que se desenvolverá ao longo do <b>terceiro curso</b>.</td> </tr> <tr> <td>Alumnado que teña cursado por <u>segunda vez</u> o <b>segundo curso da ESO</b>, e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO.</td> <td>programa que se desenvolverá ao longo do <b>terceiro curso</b>.</td> </tr> <tr> <td>Con <b>carácter excepcional</b>, alumnado que teña cursado por <u>primeira vez</u> o <b>terceiro curso da ESO</b> e non está en condicións de promocionar ao cuarto curso da ESO, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa.</td> <td>programa que se desenvolverá ao longo do <b>terceiro curso</b>.</td> </tr> </tbody> </table>	CURSO	DURACIÓN DO PROGRAMA	Alumnado que teña cursado por <u>primeira vez</u> o <b>primeiro curso da ESO</b> , tendo repetido en Primaria e non está en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO.	programa que se desenvolverá ao longo dos cursos <b>segundo e terceiro</b> .	Alumando que cursou por <u>segunda vez</u> o <b>primeiro curso da ESO</b> e non está en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO.	programa que se desenvolverá ao longo dos cursos <b>segundo e terceiro</b> .	Alumnado que teña cursado por <u>primeira vez</u> o <b>segundo curso da ESO</b> e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en primeiro curso da ESO.	programa que se desenvolverá ao longo do <b>terceiro curso</b> .	Alumnado que teña cursado por <u>segunda vez</u> o <b>segundo curso da ESO</b> , e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO.	programa que se desenvolverá ao longo do <b>terceiro curso</b> .	Con <b>carácter excepcional</b> , alumnado que teña cursado por <u>primeira vez</u> o <b>terceiro curso da ESO</b> e non está en condicións de promocionar ao cuarto curso da ESO, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa.	programa que se desenvolverá ao longo do <b>terceiro curso</b> .
CURSO	DURACIÓN DO PROGRAMA												
Alumnado que teña cursado por <u>primeira vez</u> o <b>primeiro curso da ESO</b> , tendo repetido en Primaria e non está en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO.	programa que se desenvolverá ao longo dos cursos <b>segundo e terceiro</b> .												
Alumando que cursou por <u>segunda vez</u> o <b>primeiro curso da ESO</b> e non está en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO.	programa que se desenvolverá ao longo dos cursos <b>segundo e terceiro</b> .												
Alumnado que teña cursado por <u>primeira vez</u> o <b>segundo curso da ESO</b> e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en primeiro curso da ESO.	programa que se desenvolverá ao longo do <b>terceiro curso</b> .												
Alumnado que teña cursado por <u>segunda vez</u> o <b>segundo curso da ESO</b> , e non está en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO.	programa que se desenvolverá ao longo do <b>terceiro curso</b> .												
Con <b>carácter excepcional</b> , alumnado que teña cursado por <u>primeira vez</u> o <b>terceiro curso da ESO</b> e non está en condicións de promocionar ao cuarto curso da ESO, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa.	programa que se desenvolverá ao longo do <b>terceiro curso</b> .												
<b>PROCEDEMENTO DE INCORPORACIÓN</b>	<p>a) Realizada a avaliación extraordinaria, o equipo docente realizará unha proposta razoada do alumnado que se podería incorporar ao programa. Esta proposta concretarase cun informe individualizado elaborado polo titor/a, que será remitido ao departamento de orientación e no cal se fará constar:</p>												

	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A competencia curricular de alumno/a en cada materia.</li> <li>- As dificultades de aprendizaxe presentadas.</li> <li>- As medidas de atención á diversidade aplicadas.</li> <li>- Os motivos polos cales o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno/a se integre no programa.</li> </ul> <p>b) A persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación realizará unha avaliación psicopedagóxica a cada un dos alumnos e das alumnas propostos/as polo equipo docente para incorporar ao programa. No informe correspondente a esa avaliación deben constar, entre outros aspectos, as conclusións das reunións co profesorado titor e cos pais, as nais ou titores/as legais de cada alumno e alumna, para lles formular a conveniencia da súa incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Deixarase constancia escrita da opinión da familia.</p> <p>c) Posteriormente, unha comisión formada pola xefatura de estudos, a xefatura do departamento de orientación e o titor/a do alumno/a valorará os informes emitidos e a opinión do pai/nai/titores legais do alumno/a, e realizará unha proposta á dirección do centro sobre a incorporación ao programa.</p> <p>d) Compete á dirección elevar a proposta de autorización sobre a incorporación do alumno/a ao servizo provincial de Inspección. Á solicitude achegaráselle a relación de alumnado proposto e a relación de profesorado que vai impartir cada ámbito.</p> <p>e) O Servizo Provincial de Inspección emitirá a autorización expresa para desenvolver os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que cumpran cos requisitos establecidos e que será comunicada aos centros antes do comenzo do curso.</p> <p>O número de alumnas e alumnos que forme parte do PMAR non será superior a dez e inferior a cinco.</p>
<p><b>ESTRUTURA</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ <b>ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL:</b> aspectos básicos do currículo das materias de Xeografía e Historia, Lingua Galega e Literatura e Lingua Castelá e Literatura de 2º e 3º ESO.</li> <li>➤ <b>ÁMBITO CIENTÍFICO E MATEMÁTICO:</b> aspectos básicos do</li> </ul>



	<p>currículo das materias de Matemáticas e Física e Química de 2º ESO; e Matemáticas Aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química de 3º ESO.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ AMBITO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS: abrangue aspectos básicos da materia de 1º Lingua Estranxeira.</li> <li>➤ O resto das materias de 2º e 3º ESO non pertencentes aos ámbitos cursaraas co seu grupo ordinario de referencia.</li> </ul>
<p><b>PROGRAMACIÓN DOS ÁMBITOS</b></p>	<p>Serán elaboradas polos distintos departamentos didácticos implicados e polas persoas designadas para impartir os ámbitos coa colaboración da xefatura do departamento de orientación, a partir das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e coordinadas pola xefatura de estudos.</p>
<p><b>LIÑAS METODOLÓXICAS</b></p>	<p>Enfoque metodolóxico funcional, en que os contidos curriculares deben tratarse desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.</p>
<p><b>AVALIACIÓN</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Terá como referente fundamental as competencias e os obxectivos da ESO, así como os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis. Esta avaliación será continua e diferenciada, segundo os ámbitos do programa e as materias.</li> <li>- Será avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesorado titor do programa e do profesorado titor do grupo de referencia. As cualificacións dos ámbitos realizarase nos mesmos termos que as materias.</li> </ul>
<p><b>PROMOCIÓN</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Supera todos os ámbitos e materias que integran o programa: promociona a 4º ESO.</li> <li>❖ Ámbito lingüístico e ámbito científico aprobados e ten 1 ou 2 materias con avaliación negativa: promociona a 4º ESO.</li> <li>❖ Excepcionalmente, tendo superados os ámbitos lingüístico/social e científico/matemático, o alumno/a que teña avaliación negativa en 3 materias, poderá promocionar sempre que o equipo docente considere que pode seguir con éxito o</li> </ul>

	<p>curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución educativa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>❖ O alumnado poderá permanecer un ano máis no segundo curso do programa, sempre que o equipo docente considere esta medida como a máis adecuada.</li> <li>❖ O ámbito de linguas estranxeiras terá a consideración dunha materia.</li> </ul>
--	--

#### 5.2.2.6. Atención educativa domiciliaria e hospitalaria

<b>ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio, por prescripción médica, por un período de tempo <b>superior a un mes</b>.</li> <li>- Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.</li> </ul>
<b>PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE</b>	<p>A incorporación do alumnado ao programa de atención educativa domiciliaria farase mediante autorización da Xefatura Territorial correspondente, a instancia da familia e segundo o procedemento seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Solicitud da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras do alumnado</b> á dirección do centro docente, acompañada do correspondente informe dos servizos médicos, no que debe constar, entre outros aspectos, a previsión aproximada do tempo no que a alumna ou o alumno deberá convalecer no domicilio e o tempo da revisión desa previsión, así como, cando sexa posible, a conveniencia ou non de continuar o proceso formativo no domicilio durante a convalecencia.</li> <li>2. Elaboración dun <b>informe polo profesorado titor</b>, no que consten, cando menos, os resultados das avaliacións parciais da alumna ou do alumno, a aplicación, se é o caso, doutras medidas de atención á diversidade e calquera outra información relevante do seu proceso de ensino e aprendizaxe. No caso de alumnado</li> </ol>

	<p>con necesidade específica de apoio educativo xuntarase informe psicopedagóxico elaborado pola xefatura do Departamento de orientación.</p> <p>3. <b>Traslado á Xefatura Territorial</b> correspondente dos documentos referidos nos apartados anteriores, por parte da dirección do centro docente nun prazo máximo de <u>cinco días lectivos</u> desde a recepción da solicitude. De xeito paralelo, darase traslado á Inspección correspondente dunha copia destes documentos. Esta documentación adiantarase á Xefatura Territorial por medios telemáticos.</p> <p>4. A <b>resolución</b> sobre a solicitude de atención educativa domiciliaria corresponde á Xefatura Territorial, previo informe do Servizo de Inspección. Esa resolución, que concretará a asignación horaria, a duración desa atención e as condicións para a súa continuidade, comunicarse ao centro docente nun prazo máximo de cinco días hábiles desde a recepción da solicitude. O centro docente dará traslado inmediato desta resolución á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno.</p> <p><i>Empregaranse o modelos facilitados pola Consellería de Educación no protocolo de atención educativa domiciliaria.</i></p>
<p><b>RESPONSABLES</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Con carácter xeral, o profesorado nomeado especificamente para a atención educativa domiciliaria dependerá organicamente dos centros públicos específicos de educación de persoas adultas, dos institutos de educación secundaria autorizados para impartir ensinanzas de persoas adultas ou, no seu caso, do centro público que se designe pola Xefatura Territorial correspondente.</li> <li>- Non obstante, de acordo co establecido na Orde do 27 de decembro de 2002 sobre criterios e condicións de escolarización en centros sostidos con fondos públicos, con carácter temporal, poderase proporcionar esa atención a través dun profesor ou dunha profesora do centro docente ao que pertenza o alumno ou a alumna, preferentemente o seu titor ou titora, se a súa participación ten carácter voluntario e non implica o incremento do persoal do centro.</li> </ul>
	<p>A avaliación do alumnado con atención educativa domiciliaria e as</p>

<b>AVALIACIÓN</b>	decisións de promoción e titulación, de ser o caso, serán competencia e responsabilidade do equipo docente do centro docente no que está matriculado.
-------------------	---

### ATENCIÓN EDUCATIVA HOSPITALARIA

<b>DESTINATARIOS</b>	<p>Alumnado que permanece hospitalizado durante períodos prolongados por motivos de enfermidade ou accidente. Así mesmo contempla a atención educativa ao alumnado que, sen estar hospitalizado, recibe atención médica no hospital de día. A atención que recibe o alumnado hospitalizado estará en función da duración da hospitalización considerando os seguintes grupos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>■ Atención ao alumnado de longa hospitalización (máis de 30 días).</li> <li>■ Atención ao alumnado de media hospitalización (entre 15 e 30 días).</li> <li>■ Atención ao alumnado de curta hospitalización (menos de 15 días).</li> <li>■ Atención ao alumnado que acode ao hospital de día.</li> </ul> <p>O alumnado de longa e media hospitalización será o que reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización realizará actividades educativas e lúdicas de carácter xeral.</p>
----------------------	---

<b>PROCEDEMENTO DE INCORPORACIÓN</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Cando se dá a circunstancia de que un alumno ou alumna deba ser hospitalizado, o profesorado da aula hospitalaria informará a familia da existencia e características deste servizo e a familia comunicará ao centro educativo de referencia que o alumno ou alumna vai recibir este tipo de atención.</li> <li>2.- Desde a aula hospitalaria, e coa conformidade da familia, remitirase unha comunicación ao centro educativo, a través da cal se solicitará información referida á situación académica do alumno ou alumna.</li> <li>3.- Co fin de facilitar a coordinación entre os dous centros, o centro escolar de orixe remitirá á aula hospitalaria a programación para o</li> </ol>
--------------------------------------	---

	<p>período de tempo que se estime que poida durar a hospitalización, para o que se empregará o modelo facilitado pola Consellería de Educación. Este informe pode ser solicitado novamente para aqueles casos nos que a estancia hospitalaria se prolongue.</p> <p>4.- En función das características da situación do paciente, podemos falar de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Alumnado que acode á aula hospitalaria.</li> <li>▪ Alumnado encamado que non pode desprazarse á aula.</li> </ul> <p>As alumnas e alumnos que acoden á aula hospitalaria realizarán actividades educativas e/ou lúdicas acordes co período de hospitalización e coas súas posibilidades de mobilidade, atención e esforzo determinadas pola enfermidade que padecen.</p> <p>O alumnado hospitalizado que ten que permanecer encamado, illado ou en repouso no seu propio cuarto tamén recibe atención educativa en función do seu estado e das recomendacións médicas.</p> <p>5.- Unha vez rematada a hospitalización, desde a aula hospitalaria enviarase ao centro de referencia un informe de seguimento da actividade educativa realizada na mesma.</p>
<p><b>RESPONSABLES</b></p>	<p>- Profesorado das aulas hospitalarias, situadas nos departamentos de pediatría dos principais complexos hospitalarios galegos.</p> <p>- O alumnado hospitalizado continúa pertencendo para todos os efectos ao seu centro educativo habitual, ao seu grupo-clase. Alí continúa o seu expediente académico e segue mantendo o seu profesorado.</p>
<p><b>AVALIACIÓN</b></p>	<p>Manteñen a súa escolarización para efectos de avaliación e promoción nos centros de orixe.</p>
<p><b>COORDINACIÓN</b></p>	<p>- O profesorado destas aulas deberá estar en coordinación estreita coa titoría, co departamento de orientación e, no seu caso, co profesorado do centro de referencia, que é o que deberá orientar o programa educativo.</p>

	- Pola súa parte, o profesorado do centro, a través da persoa titora e, se fose necesario, do departamento de orientación, debe cooperar co profesorado das aulas hospitalarias facilitando as orientacións e as programacións necesarias para o progreso académico do seu alumnado.
--	--

### 5.2.3. Outras actuacións

#### 5.2.3.1 Alumnado procedente do estranxeiro

<b>CRITERIOS PARA A SÚA ESCOLARIZACIÓN</b>	<p>A escolarización do alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema, realizarase atendendo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ás súas circunstancias.</li> <li>• Aos seus coñecementos.</li> <li>• Á súa idade.</li> <li>• Ao seu historial académico.</li> </ul> <p>Os alumnos e as alumnas que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderán ser escolarizados/as no curso inferior ao que lles correspondería por idade.</p>
<b>MEDIDAS DE ATENCIÓN</b>	<p>Para o alumnado con desfase curricular que se escolarice no curso inferior ao que lle correspondería por idade adoptaranse as medidas necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase, e que lle permitan continuar con aproveitamento os estudos. No caso de superar o devandito desfase, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.</p> <p>Cando presente graves carencias na lingua galega e/ou na lingua castelá recibirá unha atención específica, que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.</p>
<b>RESPONSABLES</b>	<p>- Profesorado.</p> <p>- Profesorado de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe.</p>

#### 5.2.3.2 Alumnado de etnia xitana: Proxecto de mediación social.

<b>DESTINATARIOS</b>	Todo o alumnado de etnia xitana que acude ao noso centro e que presenta
----------------------	---

	absentismo e/ou risco de fracaso escolar.
<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Compensar as desigualdades educativas do alumnado de etnia xitana.</li> <li>• Sensibilizar ás familias xitanas da importancia da escola.</li> <li>• Reducir o nivel de absentismo e fracaso escolar deste alumnado.</li> </ul>
<b>ACTUACIÓNS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reforzo educativo fóra do horario escolar.</li> <li>• Información e formación ás familias no poboado.</li> <li>• Obradoiros de temas relacionados cos hábitos saudables.</li> <li>• Apoio directo e seguimento do alumnado con maiores dificultades de integración e das súas familias.</li> </ul>
<b>RESPONSABLES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Profesor de Relixión Evanxélica.</li> <li>- Técnicos nomeados pola ONG Diaconía.</li> </ul>

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

PROFESIONAIS	ACTUACIÓNS
<b>EQUIPO DIRECTIVO</b>	<p>- O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.</p> <p>- Incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á Programación Xeral Anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.</p> <p><b>DIRECCIÓN:</b></p> <p>- Trasladar ao Servizo Provincial de Inspección e/ou Xefatura Territorial as propostas de autorización das seguintes medidas de atención á diversidade: programa de mellora da aprendizaxe, agrupamento flexible, adaptación curricular significativa, flexibilización, atención educativa hospitalaria e domiciliaria.</p> <p>- Decidir sobre a exención de cursar a materia da 2º Lingua Estranxeira en 1º e/ou 2º da ESO.</p> <p>- Ditar a resolución pola que se acorda que un alumno/a sexa expulsado temporalmente da asistencia ao centro ou a determinadas clases e sexa atendido na aula de convivencia inclusiva.</p> <p><b>XEFATURA DE ESTUDOS:</b></p> <p>-Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos de alumnado e profesorado de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na Programación Xeral Anual, así como velar polo seu estrito cumprimento. Tendo en conta que, para o profesorado que non teña o seu horario lectivo completo, a atención á diversidade será actividade prioritaria sobre calquera outra das establecidas na Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.</p>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación, adaptación curricular, PMAR e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.</li> <li>-Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de Convivencia do centro e nas normas de convivencia.</li> <li>-Organizar a atención educativa do alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.</li> <li>-Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de Convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.</li> <li>-Convocar a reunión coa xefatura do departamento de orientación e co profesorado titor dos distintos grupos para realizar a selección do alumnado e a concreción das áreas previstas nos agrupamentos flexibles que cada un vai cursar.</li> <li>-Coordinar a reunión na que se decide a pertinencia dunha adaptación curricular, así como aqueles elementos do curriculum, que se é o caso, deberán ser modificados. Os asistentes a esta reunión son: o/a titor/a, o profesorado que imparte as áreas ou materias que se consideran obxecto de ACS e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica.</li> <li>-Presidir a comisión formada pola persoa que exerce a xefatura do departamento de orientación e o/a titor/a do alumno ou da alumna, onde se valoran os informes emitidos e a opinión, de ser o caso, do pai, a nai ou os/as titores/as legais, para realizar unha proposta ao director/a sobre a incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.</li> <li>-En relación ao protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar, recollerá a información de todos os profesionais e cubrirá o rexistro de cumprimento das distintas actuacións establecidas no expediente de absentismo.</li> </ul>
<p><b>DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.</li> <li>- Participar nas avaliacións psicopedagóxicas e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.</li> <li>- Elaborar materiais para a aula de convivencia inclusiva.</li> <li>- Deseñar os programas de habilidades sociais para levar a cabo nas horas de titoría e os dirixidos ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas e ao alumnado que, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.</li> <li>- Colaborar co profesorado titor na elaboración do informe para solicitar a exención de cursar a 2ª Lingua Estranxeira en 1º e 2º ESO e para incorporar ao alumnado a un agrupamento flexible.</li> <li>- Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas.</li> </ul> <p>Ademais das que lles competen como membros do departamento de orientación, as seguintes funcións:</p>



	<p><b>XEFATURA DO DEPARTAMENTO:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Redactar o Plan Xeral de Atención á Diversidade, a súa concreción anual e a memoria de final de curso.</li> <li>- Realizar a prescritiva avaliación psicopedagóxica necesaria para: elaborar unha adaptación curricular significativa, prestar atención docente directa por parte do profesorado de PT/AL ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, incorporar ao alumnado a un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento e solicitar a flexibilización da duración do período de escolarización.</li> <li>- Elaborar os informes psicopedagóxicos e os ditames de escolarización que sexan necesarios.</li> <li>- Participar na selección do alumnado para incorporarse a un agrupamento flexible, a un programa de mellora da aprendizaxe e o rendemento e para quedar exento de cursar á 2ª Lingua Estranxeira.</li> <li>- Realizar a proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de PT/AL e, de ser o caso, doutros profesionais específicos; de acordo cos criterios establecidos neste Plan Xeral de Atención á Diversidade e coa participación do profesorado e dos/as especialistas de PT/AL.</li> <li>- Asesorar no deseño e desenvolvemento das medidas de atención á diversidade.</li> <li>- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións no ámbito das súas competencias.</li> </ul> <p><b>PROFESORADO DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E DE AUDICIÓN E LINGUAXE:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Prestarlle atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que así o requira.</li> <li>-Orientar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, así como ao profesorado que lle imparta docencia e ás familias sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.</li> <li>-Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares significativas, así como das medidas de reforzo, se é o caso, e daquelas dirixidas á atención á diversidade do alumnado.</li> </ul>
<p><b>EQUIPOS DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Asesorar e apoiar os departamentos de orientación dos centros docentes que se lles adscriban.</li> <li>- Colaborar cos departamentos de orientación na avaliación psicopedagóxica do alumnado, cando sexa necesaria a intervención dun profesional externo ao centro.</li> <li>- Contribuír á formación especializada dos departamentos de orientación e do profesorado no ámbito das necesidades educativas especiais que atenden.</li> </ul>
<p><b>PROFESORADO TITOR</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecer as características persoais do alumnado a través da análise dos expedientes persoais e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.</li> <li>- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico.</li> <li>- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas</li> </ul>

	<p>adequadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Informar ao equipo docente do grupo das características do alumnado, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.</li> <li>- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.</li> <li>- Implementar o programa de habilidades sociais nas sesións de tutoría.</li> <li>- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.</li> <li>- Comunicar á xefatura do departamento de orientación a necesidade da súa intervención, aportando a información necesaria para atender a demanda.</li> <li>- Informar ás familias das medidas propostas e/ou aplicadas: programas específicos personalizados, reforzo educativo, exención de cursar a segunda lingua estranxeira, adaptación curricular, agrupamento flexible, apoio educativo, PMAR, programas de enriquecemento curricular.</li> <li>- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para o alumnado do seu grupo.</li> <li>- Colaborar nas intervencións específicas levadas a cabo polo profesorado especialista de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, así como na avaliación do progreso do alumnado de apoio.</li> <li>- Comunicar ao equipo directivo as medidas de reforzo educativo aplicadas.</li> <li>- Asistir á reunión para decidir a pertinencia de realizar unha adaptación curricular.</li> <li>- Asistir ás reunións para a proposta de incorporación do alumnado ao PMAR.</li> <li>- Elaborar, coa colaboración do departamento de orientación, os informes individualizados para as medidas que o requiran: exención de cursar a Segunda Lingua Estranxeira, agrupamentos flexibles, PMAR, atención educativa e hospitalaria.</li> <li>- Elaborar o informe no que se avalía a efectividade da medida de agrupamento flexible e a proposta sobre a súa continuidade.</li> </ul>
<p><b>PROFESORADO</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Adecuar as programacións didácticas ao contorno do centro educativo e ás características do alumnado.</li> <li>- Dectectar as necesidades educativas do alumnado nas avaliacións iniciais e trimestrais e propor medidas de intervención.</li> <li>- Solicitar a intervención do departamento de orientación no caso de que se sospeite que algún alumno ou alumna posúe necesidades educativas que requiran a aplicación de medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade.</li> <li>- Diseñar e poñer en práctica metodoloxías que fomenten a aprendizaxe das competencias e promovan a inclusión.</li> <li>- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación ás características do seu alumnado.</li> <li>- Atender educativamente a aula de convivencia inclusiva dentro do horario regular de obrigada permanencia no centro e supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.</li> </ul>

- Elaborar e desenvolver as medidas de reforzo educativo para o alumnado que, coa modificación dos elementos non prescriptivos do currículo, poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais.
- Colaborar na atención á diversidade do alumnado cando non teña o seu horario lectivo completo.
- Colaborar no proceso de avaliación psicopedagóxica do alumnado, especialmente no relativo á observación e información dos aspectos máis relevantes do proceso de ensino e aprendizaxe na aula.
- Diseñar e desenvolver as adaptacións curriculares das materias que imparte coa colaboración do departamento didáctico, co asesoramento do departamento de orientación e/ou do equipo de orientación específico e de calquera outro profesional que participe na atención ao devandito alumnado.
- Participar na proposta do alumnado susceptible de incorporarse aos agrupamentos flexibles e programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

## 7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS

En toda planificación educativa, dentro do réxime de funcionamento dos centros docentes, é necesario levar a cabo unha serie de actuacións de colaboración e coordinación tanto a nivel do propio centro, como cos centros adscritos. Esta colaboración e coordinación é igualmente aplicable no ámbito concreto da atención á diversidade e levarase a cabo a través das seguintes reunións:

- **Claustro:** reunirase preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque o seu presidente/a ou o solicite un tercio, polo menos, dos seus membros. En todo caso reunirase ao inicio e remate de curso.
- **Departamentos didácticos:** faranse como mínimo unha vez ao mes, logo da convocatoria da xefatura do departamento. As reunións dos departamentos terán por obxecto facer o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica e establecer as medidas correctoras que, se é o caso, se estimen necesarias.
- **Departamento de orientación:** como mínimo unha vez ao mes. Nestas reunións farase un seguimento do alumnado que recibe atención docente directa por parte do profesorado de PT/AL e dos outros aspectos da programación relacionados coa atención á diversidade.
- **Comisión de Coordinación Pedagóxica:** reunirase como mínimo unha vez ao mes e celebrará unha sesión extraordinaria ao comezo de curso, outra ao finalizar este e cantas outras se consideren necesarias.

- **Sesións de avaliación:** distribuiranse equilibradamente ao longo do curso. A sesión de avaliación correspondente ao último trimestre realizarase ao rematar as actividades lectivas do mes de xuño. Na ESO tamén se celebrará unha sesión de avaliación inicial, a principios do mes de outubro.
- **Profesorado de cada grupo co profesorado titor** correspondente.
- **Profesorado titor coa xefatura do departamento de orientación.**

Por outra banda, promoverase tamén a coordinación e colaboración entre os diferentes centros educativos, principalmente a través dos seus respectivos departamentos de orientación. A xefatura do departamento de orientación do CPI manterá, como mínimo, dúas reunións por curso coa xefatura dos departamento de orientación do centro adscrito:

- Unha, previa á visita do alumnado de 6º de educación primaria ao CPI, para organizar dita visita e tratar outros aspectos tales como información relevante da nova etapa para que lle trasmitan ao futuro alumnado, elaboración de informes sobre alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, proposta de alumnado que quedará exento de cursar a 2ª Lingua Estranxeira en 1º e 2º ESO, entre outros.
- Outra, unha vez rematadas as actividades lectivas, no mes de xuño, para recoller información sobre o alumnado que se incorporará no curso seguinte a 1º ESO.

## 8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

Garantir unha axeitada atención á diversidade esixe que existan vías fluídas, tanto internas como externas, de información e comunicación entre os distintos sectores educativos e sociais que interveñen no sistema educativo.

A colaboración entre o profesorado e as familias é un elemento moi importante para a optimización dos procesos de ensinanza-aprendizaxe. É necesario, buscar o intercambio bidireccional da información coas familias para lograr a súa implicación no proceso educativo das súas fillas e fillos e establecer pautas de actuación coherentes e complementarias que redunden na súa formación integral, así como lograr a súa participación na dinámica escolar no seu conxunto.

As canles de colaboración coas familias en relación ás medidas descritas neste Plan concréntanse, entre outras, en:

- Reunión inicial co profesorado titor para proporcionar información xeral ás familias ao comezo de curso.
- Comunicación das dificultades detectadas mediante entrevista persoal individualizada.
- Información, por parte da xefatura do departamento de orientación, sobre os resultados das avaliacións psicopedagóxicas e as medidas de atención á diversidade adoptadas en cada caso.
- Reunións periódicas, previa convocatoria, co profesorado implicado no desenvolvemento das medidas e coa xefatura do departamento de orientación.
- Colaboración coa ANPA.

Así mesmo, o centro educativo debe integrar canles de comunicación e colaboración coa comunidade como un recurso máis e, ao mesmo tempo, debe coñecer e aproveitar a rede de profesionais: educadores/as familiares, traballadores/as sociais, especialistas en saúde, así como outras institucións e asociacións que poden favorecer unha mellor actuación educativa e especialmente una mellor atención integral á diversidade do alumnado.

As canles de colaboración cos diferentes servizos externos ao centro en relación ás medidas descritas neste Plan concréntanse en:

- Traballo coordinado do centro (desde dirección, orientación e titorías) con aquelas institucións implicadas na situación familiar, social e escolar do alumnado: Servizo de Menores, Servizo de Saúde Mental do SERGAS, Servizos Sociais, gabinetes psicopedagóxicos, asociacións e fundacións...
- Colaboración con outras institucións na organización de charlas informativas, cursos de formación e outras actividades relacionadas con este Plan.
- Coordinación con asociacións e entidades sen ánimo de lucro que traballan con alumnado con necesidades educativas especiais: ADAHPO, Autismo Galicia, ONCE, COGAMI, FADEMGA...
- Intervención do equipo de orientación específico, para apoiar aos departamentos de orientación na aplicación das medidas de atención á diversidade.

- Comunicación coa Inspección e con outros Servizos da Consellería de Educación.

## 9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Tal e como se recolle no punto 4 deste plan considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación. Así mesmo, a familia deberá manifestar por escrito a súa conformidade ou non coa medida proposta, podendo do mesmo xeito facer constar aqueles feitos que estime relevantes.

No apartado 5.2.2 do presente Plan recóllense os procedementos que se deben seguir para solicitar e autorizar as medidas extraordinarias de atención á diversidade.

## 10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

A avaliación ha de ser formativa e, como resultado da mesma, realizaranse as modificacións que sexan precisas. As actividades de avaliación irán encamiñadas a:

- ↪ Valorar en que medida vanse acadando os obxectivos propostos.
- ↪ Detectar as dificultades e os factores que puideron incidir nos logros e fracasos na aplicación das medidas.
- ↪ Mellorar os deseños da intervención psicopedagóxica, aproveitando a retroalimentación informativa para correxir e adaptar ditos deseños de cara a conseguir unha maior eficacia.
- ↪ Decidir que medidas sería preciso modificar, reforzar ou suprimir.

Os momentos para realizar a avaliación do Plan serán:

- **Avaliación inicial**, para deseñar actuacións concretas, en función das necesidades do centro.
- **Avaliación do proceso**: os membros do departamento de orientación recollerán información que permita valorar se se están a desenvolver as distintas accións que constan no Plan, se funcionan satisfactoriamente, ou se é necesario introducir melloras ou modificacións para conseguir os obxectivos. A finalidade é ir optimizando o Plan a medida que se vai implementando.
- **Avaliación final**, para valorar, por parte de todos os implicados, e deberá servir para comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos.

A análise e a valoración das actuacións realizaranse nas reunións que se celebrarán entre os distintos profesionais que participan na implementación do Plan:

- ↳ Departamento de orientación.
- ↳ Xefatura do departamento de orientación co profesorado titor e coa xefatura de estudos.
- ↳ CCP.
- ↳ Claustro.
- ↳ Equipos docentes de cada grupo nas sesións de avaliación.

Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o departamento de orientación elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do departamento de orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro.